

UE Os subsaharianos ocupan un nivel intermedio no estudo que sitúa a España e Suecia como menos racistas

## XITANOS E 'MOROS', MAIORES VÍTIMAS DOS XENÓFOBOS



Pancarta dunha campaña realizada pola Xunta de Galicia a prol da integración e atención dos inmigrantes

### OS GALEGOS AMOSAN POUCA REPULSA POLOS FORÁNEOS, ESCASOS NA COMUNIDADE, PERO REXEITAN OS CALÉS

M. Martínez · Santiago

O estudo 'As dúas caras da inmigración' ofrece unha positiva visión da sociedade española, que xunto coa sueca, presenta os índices máis baixos de racismo e xenofobia da Unión Europea dos 25.

Así o destacaron na presentación do libro a secretaria de Estado de Inmigración, Consuelo Rumi, e o autor do estudo, Juan Díez Nicolás, que comparou investigacións europeas con catorce enquisas realizadas en España de: de 2001 ata 2003, tanto a españois como a inmigrantes.

Verbo da situación en Galicia, os xitanos seguen a ser unha etnia que xera rexeitamento xeral, como se pode constatar ó falar coa veciñanza dos barrios onde se lle conceden vivendas a este colectivo ou ó preguntarlle a calquera cidadán se non lle importaría que unha familia de xitanos se instalase de par da súa casa. A resposta na gran maioría dos casos é negativa, malia que algúns recoñezan coa boca pequena que é unha contención política incorrecta.

A realidade é que en Galicia o número de inmigrantes doutras

razas ou relixións aínda non ten un volume que se aproxime nin de lonxe ó que rexistran comunidades como Andalucía ou Murcia, xa que a maioría dos foráneos teñen que ver co retorno da emigración. Se cadra isto explica que o nivel de rechazo cara 'o diferente' non se manifestara como noutras zonas do Estado.

Dende os departamentos dedicados a inmigración nos sindicatos galegos, Lois Pérez Leira (CIG), Isabel Quitáns (CCOO) e mais Carmen Brea (UXT), sinalan a case nula manifestación de racismo en Ga-

licia vai vinculada ó feito de que o número de inmigrantes que acolle a rexión non é semellante ó de Cataluña ou Madrid.

**Xenófobo: "De dereitas, maior e con poucos estudos"**

Segundo o traballo de Díez Nicolás sobre a xenofobia na UE, os cidadáns de países menos desenvolvidos son "máis exclusivistas e menos permisivos".

Entre as conclusións do estudo, Rumi destacou que no grao de xenofobia dos cidadáns pesa pouco a Comunidade Autónoma ou a provincia de residencia. O racismo aumenta coa idade, os baixos niveis de estudos e unha ideoloxía política "de dereitas". Non obstante, o factor territorial si que inflúe na percepción que teñen os inmigrantes do racismo dos españois: os que residen na Comunidade Valenciana, atribúenlles ós seus veciños un maior nivel de xenofobia, que os que viven en Madrid, Andalucía, Canarias e Murcia.

Segundo o estudo, os españois "adoitan valorar os estranxeiros" e, en realidade, a maior exclusión dirixena para os xitanos. Os cambios máis importantes ó longo dos últimos trece anos rexistráronse tras o 2001 –posiblemente relacionados co 11-S–, cando os "árabes-musulmáns" se colocaron por detrás dos xitanos. Os inmigrantes, asígnalles ós españois unha puntuación de menos 5 (nunha escala de 0 a 10) ó avaliar o seu grao de racismo. ●

### 'Tanquis', rusos e mais xudeus

A mellor valoración asignánela os españois ós estranxeiros do seu propio grupo. Xeralmente, as peores puntuacións reciben os rusos, os norteamericanos, os xudeus e os xitanos.

### Grávanlle unha esvástica

Un grupo de tres menores, entre 15 e 17 anos, pegaron a unha nena e despois graváronlle unha esvástica nun brazo só porque ser negra. Os feitos sucederon nunha localidade do norte de Italia.